

A FORMACIÓN A DISTANCIA DO PROFESORADO NA COMUNIDADE GALEGA

Xosé Ramón Fernández Vázquez

Xosé Amador Delgado Montoto

Luis Miguel Nogueiras Mascareñas

CENTRO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE OURENSE

RESUME

A Dirección Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación na Comunidade Galega inicia, durante o curso académico 1995/96, a implantación dun proxecto para a formación a distancia do profesorado nos niveis non universitarios que é pionero no contexto referencial do Estado Español no que respecta ó catálogo de accións formativas institucionalizadas e que presenta implicacións significativas de tipo funcional para a articulación da formación do profesorado en exercicio.

Os esquemas vertebradores da proposta enraízan en modelos de formación alternativa implantados, experimentados e avaliados en diversos marcos referenciais de formación continuada para docentes na Comunidade Europea.

A pesares de que esta iniciativa plantexa novas perspectiva para o deseño da formación do profesorado en exercicio tamén evidencianse certos interrogantes proxectados sobre o desenvolvemento e posibilidades do proceso. A continuación faremos unha aproximación descriptiva ó modelo adoptado así como unha serie de reflexións sobre a implantación do programa, enmarcadas na avaliación e optimización do mesmo.

1. UNHA PROPOSTA ALTERNATIVA DE FORMACIÓN

A Dirección Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación na Comunidade Galega inicia, durante o curso académico 1995/96, a implantación dun proxecto para a formación a distancia do profesorado nos niveis non universitarios que é pioneiro no contexto referencial do Estado Español no que respecta ó catálogo de accións formativas institucionalizadas e que presenta implicacións significativas de tipo funcional para a articulación da formación do profesorado en exercicio.

Os esquemas vertebradores da proposta enraízan en modelos de formación alternativa implantados, experimentados e avaliados en diversos marcos referenciais de formación continuada para docentes na Unión Europea.

A pesares de que esta iniciativa plantexa novas perspectivas para o deseño da formación do profesorado en exercicio tamén evidencianse certos interrogantes proxectados sobre o desenvolvemento e posibilidades do proceso. A continuación faremos unha aproximación descriptiva ó modelo adoptado así como unha serie de reflexións sobre a implantación do programa, enmarcadas na avaliación e optimización do mesmo.

2. DELIMITACIÓN DE METAS

Como obxetivos referenciais para guiar a implantación desta proposta formativa os responsables da Consellería de Educación especifican:

- Permitir o acceso á formación en exercicio do maior número posible de profesoras/es.
- Promover a adecuación do profesorado ós cambios do Sistema Educativo.
- Potenciar o desenvolvemento profesional do profesorado mediante a mellora da súa cualificación respecto ás novas esixencias laborais.
- Colaborar na implementación de novas intervencións profesionais ante as demandas da sociedade e do propio Sistema Educativo.

Tras esta aproximación inicial ós obxetivos explicitados, evidénciase que a implantación da formación a distancia nace dunha necesidade constatada pola Administración de acercar a formación a un segmento cuantitativamente significativo de profesoras e profesores con difícil acceso á mesma toda vez que, coa única excepción do primeiro dos obxetivos, tódalas metas son asimilables ós propios plantexamentos xerais no que se basa calquer formato de formación continuada do profesorado. E necesario precisar que iste formato está pensado e deseñado para aquel profesorado que encontra dificultades de asistencia ás actividades de formación planificadas dende os Centros de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOPs) por razóns de distancia, por incompatibilidade de horarios o por motivacións de tipo persoal.

3. MODELO DE ARTICULACIÓN DO PROGRAMA

A estrutura que vehiculiza o desenvolvemento da formación a distancia en Galicia foi elaborado e proposto por un equipo pedagóxico -dirixido por F. Imbernon y A. Zabala- promotores dun amplo abanico de estudos referidos ó campo da formación continuada do profesorado. Este material deseñouse dende unha óptica de axuste gradual en consonancia coa dinámica de implantación do programa e coa avaliación procesual do mesmo.

Estructuralmente a proposta aparece secuenciada en tres niveis e, dentro deles, en distintos módulos formativos opcionais:

a) Curso “Básico”: Vertebrase en catro módulos a desenvolver durante un total de 50 horas (tres módulos referidos a plantexamentos xenéricos respecto do modelo curricular da LOXSE e un módulo seleccionado entre seis de tipo xeral).

b) Curso “Medio”: Organízase en tres módulos, desenvolvidos ó longo de 40 horas (un deles seleccionado entre os diversos módulos específicos para cada nivel -Infantil, Primaria, Secundaria ou Temas Transversais- e outros dous seleccionados entre os módulos xerais do curso “Básico”).

c. Curso “Avanzado”: Desenvólvese durante 40 horas dos módulos nos que se analizan aspectos relativos ás distintas áreas curriculares de Ed. Primaria ou, opcionalmente, un único módulo referido á Ed. Infantil ou á Ed. Secundaria.

Deste xeito, tra-la superación dos tres niveis, cada profesor/a ten dereito a unha certificación de 130 horas de formación.

O profesorado participante afronta a tarefa da formación a distancia contando co apoio dun material de traballo manipulable e de triple formato:

- **Fichas de traballo:** parten da análise das ideas previas de cada profesor/a e das súas expectativas. O plantexamento inicial adoita ser o estudo de casos prácticos, desenvólvense diversos contidos e rematan cunha proposta de aplicación no marco do propio centro educativo no que o profesorado exerce a súas tarefas didácticas. É un material de tipo prescriptivo e de manexo obrigado.
- **Manual de apoio:** Trátase dun material informativo destinado a unha ampliación opcional dos contidos desenvolvidos nas fichas.
- **Material informático:** permite traballar de modo complementario dende unha perspectiva de ampliación e retroacción mediante as técnicas da Ensinanza Asistida por Ordenador (EAO). A cada profesor/a participante asignaselle un/unha titor/a con funcións de apoio e de intermediación coa Administración Educativa; esta titoría ten asignada, entre outras, a función de dinamizar o proceso e de avaliar os materiais de traballo producidos polos participantes no programa.

De igual xeito os distintos Centros de Formación Continuada do Profesorado de Galicia implícanse no proceso mediante o nombramento de un Asesor/a Técnico-Pedagóxico responsable da intendencia que conleva esta modalidade formativa (inscrición no programa, coordinación entre titores, recepción de materiais enviados polos participantes, reenvío ós participantes dos materiais corregidos e avaliados polos titores, xestión burocrática...). Ademais o equipo pedagóxico de cada CEFOCOP presta asesoramento (orientación do proceso, contacto cos titores, aclaración de aspectos conceptuais, etc.) ós profesores/as que participan no programa dentro do seu ámbito xeográfico de influencia.

O proceso de implementación foise activando de xeito progresivo e acumulativo. Durante o primeiro curso de implantación desta modalidade formativa -1995/96- únicamente executouse o “curso básico” fixándose a incorporación gradual dos dous niveis superiores para cursos sucesivos co que finalizase a posta en funcionamento dos tres niveis que completan o programa para o curso 1997/98.

4. CONDICIONES PARA A OPTIMIZACIÓN

Dende unha óptica de fundamentación pedagóxica convén centrar a reflexión inicial sobre dous aspectos básicos:

En primeiro lugar encontrámonos cun formato alternativo e complementario. Isto supón que en ningún caso débese de considerar, nen desde a Administración Educativa nen desde o profesorado participante, como a estratexia fundamental para afrontar as necesidades de formación continuada en exercicio. Trátase dun modelo, con características específicas de deseño, destinado a un tipo de profesor/a que se atopa en determinadas circunstancias (incompatibilidade cos horarios habituais de actividades das accións de formación programadas polos CEFOCOPs, circunstancias persoais que impiden a formación normalizada ou distancia considerable ata o centro de localización habitual das actividades formativas).

En segundo lugar é imprescindible racionalizar a implantación do programa mediante unha valoración diagnóstica previa que permita valorar con precisión a necesidade desta proposta. Isto implica o coñecemento de factores como a cuantificación do profesorado potencialmente interesado no programa, a tipoloxía e incidencia das razóns que fundamentan ese interese, etc. De igual xeito é necesario considerar determinados factores de distorsión para desenvolver este estudo; así, a modo de exemplo, non se debe outorgar un valor absoluto a factores como a distancia entre os centros de destino do profesorado e os núcleos poboacionais donde habitualmente concéntranse as actividades formativas dado que a maior parte do profesorado galego destinado en centros distantes das cidades desplázase diariamente. Por outra banda sería aconsellable valorar previamente a incidencia real destes desplazamentos na asistencia ás actividades desenvolvidas polos CEFOCOPs.

A definición desta modalidade formativa como un proxecto de tipo experimental implica prestar unha especial atención á avaliación e corrección das posibles lagoas funcionais que a propia implantación desenvolvemento do programa poidan por de manifesto.

De este xeito xa durante o desenvolvemento da primeira fase da implantación do programa, aportáronse pequenas solucións, por parte da Administración Educativa, a determinados aspectos que presentaban determinada incidencia negativa na funcionalidade do programa en relación có formato dos materiais (prestacións dos cores empregados na maquetación dos materiais, uso de paxinación correlativa non prevista inicialmente, diferenciación clara das fichas destinadas a avaliación..), có axuste en termos de horas de formación recoñecidas, có deseño de espazos destinados a recoller, dentro de cada material, aportacións valorativas do profesorado, etc.

Así, neste momento o material de traballo dos distintos módulos posúe unha aceptable calidade en termos de deseño, aportacións conceptuais e condicións de manexabilidade para o profesorado participante. Polo demáis tamén aquí encontramos todos aqueles aspectos positivos que acompañan ós procesos de ensinanza e formación a distancia: adaptación ás circunstancias dos participantes, adecuación ós diferentes ritmos individuais de aprendizaxe, posibilidade de traballo asociativo entre profesores, etc. Destacamos igualmente o feito de que as diferentes propostas formativas circunscribíense a contextos de aplicación dado que sistemáticamente proxectanse sobre a práctica real que cada profesor/a desenvolve.

De todolos xeito, aínda que está por realizar unha avaliación por parte da totalidade dos axentes implicados referida ó deseño e ó proceso de implantación do programa de formación a distancia, cabe considerar algúns aspectos sobre os que a priori poderíanse proxectar posibles melloras de cara a la funcionalidade e operativización do formato: inclusión de módulos referidos ó Bacherelato ou á Formación Profesional (ausentes no deseño inicial dos materiais), posible flexibilidade en relación cos límites temporais para a entrega do material destinado á avaliación, opcio-

nalidade para simultanear dous niveis de formación, etc. Igualmente cabría, desde esta óptica, a posibilidade de reflexionar sobre propostas alternativas referidas ó rol dos titores e ós problemas que se lles poden presentar para optimizar pedagóxicamente a súa labor. Incluso parece convinte plantexar o debate sobre a posibilidade de operativizar esta modalidade de formación dun xeito específico outorgando á mesma dunha ubicación espacial propia así como de dotación material e económica específica.

De todos os xeitos e a pesar de que, ó igual que en todos os sistemas de ensinanza a distancia, a probabilidade de abandono é alta por razóns intrínsecas ós mesmos procesos (lentitude nas aprendizaxes, bloqueo dos canais de comunicación, decaemento das expectativas, etc.) e que nos mesmos xogan un papel definitivo as estratexias de motivación e de apoio ofertado, partindo do carácter complementario do programa, fundamentando o mesmo nun estudio previo e riguroso sobre a súa demanda e resolvendo aspectos de incidencia funcional negativa, podemos definir esta proposta de formación como unha estratexia potencialmente moi productiva en base a que:

- Acomodase ás circunstancias persoais e particulares do profesorado, á diversidade de ritmos e ó xeito individual de aprender.
- Emprega un material de apoio didáctico cun formato correcto, diversificado e polivalente.
- Parte sempre, nos desenvolvementos conceptuais, da práctica educativa e remata con liñas de aplicación en diferentes contextos educativos.
- Potencia unha implantación sólida da cultura pedagóxica que imbúe á Reforma.

Deste xeito cabe agardar para o futuro inmediato unha implantación significativa desta modalidade formativa no marco da comunidade educativa galega aínda que sexa necesario realizar un proceso constante de avaliación, reaxuste e nova adaptación en base á retroalimentación producida no seu desenvolvemento, así como resolver os problemas de diferente tipoloxía -estratexias loxísticas, dotación material e humana...- que poidesen aparecer ó longo da súa implementación.

5. PROYECCIÓN NA ENSINANZA SECUNDARIA

Aínda que inicialmente o programa deseñouse para a totalidade do profesorado non universitario, a práctica veu a demostrar que os seus destinatarios máis numerosos foron, sin nengún xénero de dubida, os docentes de ensinanza secundaria. Iso débese, sobre todo, a que existe un colectivo de docentes, significativo en termos de cuantificación, que exerce a súa práctica didáctica en modalidades de ensinanza alternativas (INGABAD, ensinanza nocturna, etc.) dentro dos tramos da educación secundaria polo que habitualmente posee un horario de traballo incompatible con aquel no que habitualmente realizáanse as actividades de formación normalizadas (habitualmente tratase de franxas horarias ubicadas na tarde ou tarde-noite).

Por iso no “curso medio” de formación -onde xa se inclúe a opcionalidade na configuración dos módulos que se traballan- o módulo máis solicitado polos participantes foi aquel que desenvolvía aspectos relativos á educación secundaria.

De cara á próxima operativización do “curso avanzado” é necesario sinalar a existencia de distintos módulos opcionais nos que se desenvolven a totalidade das áreas curriculares que conforman a ensinanza secundaria: Ciencias da natureza, Ciencias sociais, xeografía e historia, Educación física, Educación plástica e visual, Lingua castelá, Lingua galega, Linguas estranxeiras, Matemáticas, Música e Tecnoloxía. Con iso respóndese a todo o espectro de necesidades, segundo criterios de especialización, do profesorado de ensinanza secundaria.

A modo de conclusión cabe insistir en que a formación a distancia pode constituir unha estratexia válida para canalizar a formación en exercicio do profesorado de educación secundaria naqueles casos nos que por razóns diversas encontráanse bloqueados os canais de participación na formación máis ou menos reglada. De todos os xeitos tamén é verdade que tratase dun formato de apoio e de tipo complementario, dentro do que debe de ser o mapa de formación continuada de profesores e profesoras, polo que a súa existencia aporta sobre todo un elemento de facilitación e, é un innegable indicador de calidade das propostas formativas elaboradas e asumidas desde a Administración Educativa.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Crespo García, J.A. (1992): *Diseño curricular y formación del profesorado. Hacia una alternativa constructivista en su formación*, León, C.E.P.
- Imbernon, F. (1990): *La formación del profesorado*, Barcelona, Barcanova.
- Marcelo García, C. (1989): *Introducción a la formación del profesorado. Teoría y métodos*, Sevilla, Servicio de Publicacións-Universidade.
- Popkewitz, Th.S. (1993): *Formación del profesorado. Tradición, teoría y práctica*, Valencia, Universidade de Valencia.
- San Fabian Maroto, J.L. (1993): *Condiciones y posibilidades de la formación del profesorado*, Oviedo, Universidade de Oviedo.
- Villar, L.M. (1990): *El profesor como profesional: formación y desarrollo personal*, Granada, Universidade de Granada.